

**ASISTENTES**

Elena Rivo López (preside por delegación)  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Cuevas Alonso, Miguel  
García González, Silvia  
Villanueva Villar, Mónica  
Pereira Lorenzo, Nemesio  
Davila Segade, Ruth

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do mares, **21 de marzo de 2023**, ás 11:30 h en primeira convocatoria e ás 11:45 en segunda convocatoria

O día **21 de marzo de 2023** ás 11:45 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida por Elena Rivo López por delegación do reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día:

**1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria, do día 1 de marzo de 2023, e extraordinaria, do día 14 de marzo do 2023.**

Preside Elena Rivo, vicerreitora do Canpus de Ourense, por delegación do reitor, e informa de que non houbo alegacións ás actas e propón que se aproben por asentimento.

Apróbanse as actas por asentimento.

**2. Resolución, se procede, das reclamacións á proclamación provisional dos resultados e proclamación definitiva das persoas candidatas electas.**

A presidenta cede a palabra ao secretario xeral, que informa de dúas reclamacións de alumnado:

A primeira, de D<sup>a</sup>. Belén Verónica Álvarez Fernández, que indica que *“se debería haber anulado a votación del día oficial y haber fijado una nueva fecha publicitada en los tres campus de forma simultánea para que tanto los representantes como los interesados en votar, pudieran hacerlo de forma coherente y atendiendo a los principios fijados en el artículo ya mencionado”*, polas seguintes razóns:

*“1. Incumplimiento del artículo 2.1 [REX], en cuanto a igualdad de sufragio, teniendo en cuenta que las votaciones se produjeron en días diferentes perjudicando así a la facultad de ciencias jurídicas y del trabajo en el campus de Vigo, ya que el día que se realizaron las votaciones (viernes) no existe un horario de docencia común para todas las titulaciones impartidas, lo contrario que se produjo en Pontevedra (martes), creando así una desigualdad de condiciones”*. **A decision de celebrar a votación o martes 14 foi adoptada pola Secretaría Xeral e refrendada pola Comisión Electoral, sobre a base do artigo 80.5º LOREG, que prevé que cando “no pudiera constituirse la Mesa una hora después de la legalmente establecida para el inicio de la votación, ... [se] convocará para nueva votación en la mesa, dentro de los dos días siguientes”, norma que pode aplicarse por**

**analoxía, ante a lagoa de regulación interna. O último día posible era o martes 14, o que permitía, asemade, manter o calendario previsto cara á publicación dos resultados electorais. Finalmente, cabe sinalar que tanto o martes como o venres teñen a consideración de días lectivos na UVigo.**

*“2. El campus de Vigo no se encuentra en el centro de la ciudad por tanto conlleva un gasto de tiempo para realizar el trayecto y un gasto económico, a diferencia que en Pontevedra donde sí cuadraba el horario de docencia, por tanto, la mayoría de los estudiantes tenían más facilidades para acceder al voto ya que se encontraban en el centro de estudios”.* **Esta alegación carece de fundamento, dado que as votacións terían lugar, en todo caso, nos Campus onde o alumnado ten docencia.**

*“3. Conocían la existencia de los resultados de las votaciones parciales cuando se convoca la mesa electoral en Pontevedra beneficiándose así de ello”.* **Na resolución da Secretaría Xeral indicouse expresamente que non se publicaran os resultados correspondentes aos alumnado dos departamentos afectados, polo que non foron públicos ata o mércores 15.**

*“4. Hubo una falta de transparencia y publicidad de las votaciones a la hora de establecer la nueva mesa en Pontevedra, haciéndose solo pública la convocatoria a la gente interesada y no a todos los afectados”.* **As persoas interesadas eran o conxunto do alumnado que non puideron exercer o seu dereito a voto, pero, en todo caso, a resolución da Secretaría Xeral foi publicada no taboleiro electrónico da Universidades de Vigo.**

*“5. No existía una lista del censo provisional o definitivo en la que se estableciera el lugar donde debía votar cada persona, que es competencia de la junta electoral establecido en el artículo 14.2 6. Me consta que tampoco existía una mesa electoral en el Campus de Ourense, por tanto, existe otra incidencia”.* **Por unha banda, publicáronse os censos provisionais e definitivos e, por outra banda, o REX indica con claridade que a circunscrición electoral para o alumnado nestas eleccións é o centro respectivo. Finalmente, non consta que faltara a constitución doutra mesa electoral no Campus de Ourense, dado que se recibiron as actas de todas as mesas na Secretaría Xeral.**

Polo exposto, o secretario xeral entende que procede rexeitar esta reclamación.

A segunda reclamación corresponde a D. Pelayo Busto Patiño, quen alega unha designación errónea do candidato elixido en lugar do reclamante, quen obtivo un maior número de votos, partindo de que, de tal xeito, a Escola de Enxeñaría Industrial tería dous postos, baseándose no disposto no artigo 60.7º REX *“nas eleccións de representantes de alumnado a membros de consellos de departamento, no caso de haber candidaturas, cubriranse todos os postos garantindo unha representación de polo menos un ou unha estudante de cada un dos centros onde imparte docencia o departamento”.* **Corresponde a reclamación, non obstante, a unha interpretación errónea do regulamento, dado que as prazas de alumnado de 3º**

ciclo e de 1º/2º ciclo constitúen candidaturas independentes (REX: art. 27.2º), e o art. 54.6º indica asemade que “serán nomeados candidatos electos os que obteñan maior número de votos no seu respectivo sector ou subsector ata completar a cota asignada a eles”; polo que, de cubrirse as prazas asignadas a cada subsector, se resolven de xeito independente.

Procede rexeitar a reclamación.

A Comisión Electoral rexeita ambas reclamacións por asentimento e eleva os resultados provisionais a definitivos.

### **3. Outros asuntos nos que proceda adoptar acordos.**

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral quen informa de que non hai asuntos sobre os que proceda adoptar acordos.

### **4. Quenda de intervencións.**

Miguel Cuevas comenta que hai algunhas partes do regulamento que merecen certa reflexión e suxire diversas cuestións sobre a interpretación. O secretario xeral aclara certas cuestións e suxírelle que envíe á Secretaría Xeral todas as suxerencias de modificacións que estime oportunas.

### **5. Aprobación da acta da sesión.**

Apróbase a acta por asentimento.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 11:55 h., do que eu, como secretario da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral